



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O
DÍA 5 DE AGOSTO DE 2022**

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIROS/AS:

PSdeG-PSOE:

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D^a María Amparo García Pernas.

D. José Bello López.

D. José Manuel Blanco López.

D. Manuel Méndez Remeseiro.

PP:

D. Jesús Mosquera Manteiga.

Non asisten e se escusan:

PSdeG-PSOE:

D. José Fernando García Lesta.

BNG:

D^a Beatriz Louro López.

SECRETARIO - INTERVENTOR :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 5 de agosto de 2022, sendo as trece horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

1. TOMA DE POSESIÓN DO CONCELLEIRO DO PARTIDO POPULAR D. JESÚS MOSQUERA MANTEIGA.

Por Alcaldía dase conta de que a Junta Electoral Central remitíu credencial expresiva da designación de D. Jesús Mosquera Manteiga como Concelleiro do Partido Popular deste Concello de Mesía, en substitución, por renuncia, de D. Javier López Vázquez.

Tendo presentadas as declaracións de bens e actividades, de conformidade co artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réximen Local, D. Jesús Mosquera Manteiga procede, de acordo coa fórmula prevista no artigo 1 do Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, a prestar xuramento, pola súa conciencia e honra, de cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de Mesía, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a



Constitución como norma fundamental do Estado; adquirindo dende este momento a plena condición do seu cargo de Concelleiro do Concello de Mesía, de conformidade co artigo 108.8 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réximen Electoral Xeral.

Os concelleiros quedan enterados

O Sr. Alcalde da a benvida ao Sr. Mosquera, desexando unha relación de cordialidade dentro da discrepancia, respostando o Sr. Mosquera que desexa o mesmo.

2. APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 3 DE XUÑO DE 2022.

Pregunta o Sr. Alcalde se por parte dos concelleiros se quere formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión sinalada no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, queda aprobada por unanimidade dos membros presentes.

3. SEGUNDA FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2022. ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2022” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados en 2022	133.409,87 €

2.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2022, se a houbera.

3.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

4.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

5.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade



Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

6.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

En Mesía, á data da sinatura electrónica.

O alcalde

Asdo./Mariano Iglesias Castro

En Mesía, na data da sinatura electrónica. O ALCALDE Asdo.- Mariano Iglesias Castro”

Manifesta o Sr. Alcalde que no POS deste ano aprobaronse tres proxectos de camiños, da AC223 ao núcleo de Busto, do cruce de Regueiro ao cruce de Mou e de Ponte Carballa ao cruce de Soutelo, por un importe total de 255.830,44€ e que a cantidade que se aproba agora vai destinada íntegramente a gasto corrente para arranxo en accesos a núcleos de poboación.

Manifesta o Sr. Mosquera que vaise abster, e quere facer referencia a un camiño que se incluíu no POS 2020, da AC-223 ás Barreiras, que está nun estado lamentable, e que polo menos podía sinalizarse.

Resposta o Sr. Alcalde que esa camiño deteriórase todos os anos coa campaña das cerámicas, pero unha vez finalizada elas mesmas encárganse do arranxo. Poderíase limitar o peso, pero tamén tería que facerse coas cisternas de leite ou a maquinaria dos gandeiros.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete o asunto a votación, co seguinte resultado: oito votos a favor, correspondentes aos Sres. concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, e unha abstención, correspondente ao Sr. concelleiro do PP.

4. FIXACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2023.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“Mariano Iglesias Castro, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía, tendo en conta o escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Coruña onde se nos require para formular proposta aprobada polo Pleno da Corporación na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste concello para o ano 2023.

Propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Fixar como días festivos locais para o ano 2023, o día 21 de febreiro, martes de Entroido, e o luns 15 de maio, San Cidre.

Segundo.- Darlle traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Coruña.

Mesía, 2 de agosto de 2022.O alcalde,Mariano Iglesias Castro.”

O Sr. Alcalde manifesta que sempre se colle o martes de entroido e logo, pola vinculación do concello coa gandería e a agricultura, óptase por San Antonio ou San Cidre, segundo coincida, e este ano San Antonio cae entre semana e San Cidre cae en luns.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete o asunto a votación, co seguinte



resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

5. MOCIÓNS.

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción.

Non habendo intervencións, pásase ao punto seguinte da orde do día.

6. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (DO 174 AO 265 DO ANO 2022).

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

RELACION DECRETOS DO 174 AO 265 DO ANO 2022			
Nº DECRET O	NEGOCIADO	ASUNTO	DATA
174	Servizos Sociais	Alta no programa de axuda de alimentos	30/05/2022
175	Economía e facenda	Execución do gasto 31/05/2022. Nóminas mes maio 2022	31/05/2022
176	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión plenaria ordinaria 4/2022 do 03/06/2022	31/05/2022
177	Servizos Sociais	Alta no programa de axuda de alimentos.	31/05/2022
178	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local ordinaria 13/2022 do 03/06/2022	31/05/2022
179	Economía e facenda	Execución do gasto 31/05/2022. Nóminas mes maio 2022 (complementario)	31/05/2022
180	Servizos Sociais	Baixa no Servizo de Axuda no Fogar	01/06/2022
181	Servizos Sociais	Baixa no Servizo de Axuda no Fogar	01/06/2022
182	Persoal	Modificación xornada laboral auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar	01/06/2022
183	Obras e urbanismo	Adxudicación contrato obra denominada "Novo Depósito Rede Abastecemento de Auga en Cumbras"	01/06/2022
184	Obras e urbanismo	Nomeamento coordinador seguridade e saúde obra denominada "Novo Depósito Rede Abastecemento de Auga en Cumbras"	02/06/2022
185	Contratación	Contrato menor de servizo de catering para Festa da III Idade.	02/06/2022



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000005

RELACION DECRETOS DO 174 AO 265 DO ANO 2022			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	DATA
186	Facenda Municipal	Concesión enganche a Rede de Abastecemento de Auga Potable Municipal	03/06/2022
187	Facenda Municipal	Concesión enganche a Rede de Abastecemento de Auga Potable Municipal	03/06/2022
188	Economía e facenda	Execución do gasto 06/06/2022	06/06/2022
189	Economía e facenda	Liquidación Servizo de Axuda no Fogar, mes abril 2022	06/06/2022
190	Emprego	Aprobación lista de admitidos-excluídos, nomeamento tribunal e data de avaliación Peón Aprod Rural 2022	06/06/2022
191	Economía e facenda	Liquidación servizo Punto de Atención a Infancia, mes maio 2022	07/06/2022
192	Economía e facenda	Execución do gasto 07-06-2022	07/06/2022
193	Economía e facenda	Aprobación conta xustificativa obra Plan de Mellora de Camiños Municipais anualidade 2022 obra denominada "Camiño Cruce de Vilar a Coba de Vales".	07/06/2022
194	Obras e urbanismo	Adxudicación contrato obra "Camiño Cruce de Liñarcobo a Igrexa (Bascoi) e outros"	09/06/2022
195	Padrón Municipal de Habitantes	Altas por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	09/06/2022
196	Facenda municipal	Cambio titularidade taxa pola recollida lixo ano 2022	09/06/2022
197	Emprego	Nomeamento peón APROL RURAL 2022	09/06/2022
198	Economía e facenda	Execución do gasto 10/06/2022	10/06/2022
199	Subvencións	Solicitud subvención Programa Cultura no Camiño ano 2022	10/06/2022
200	Facenda municipal	Cambio titularidade taxa pola recollida lixo ano 2022	14/06/2022
201	Facenda municipal	Cambio titularidade taxa pola recollida lixo ano 2022	14/06/2022
202	Facenda municipal	Cambio titularidade taxa pola recollida lixo ano 2022	14/06/2022
203	Economía e facenda	Devolución fianza aluguer local farmacia	14/06/2022
204	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	14/06/2022
205	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local ordinaria nº 14 do 16/06/2022	14/06/2022
206	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	14/06/2022

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000005

RELACION DECRETOS DO 174 AO 265 DO ANO 2022			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	DATA
207	Intervención e Facenda municipal	Aprobación provisional Padrón da taxa pola recollida de lixo ano 2022	15/06/2022
208	Persoal	Aprobación lista definitiva, nomeamento tribunal e convocatoria primeiro exercicio_proceso selectivo funcionario interino admvo	16/06/2022
209	Emprego	Nomeamento socorristas campaña verán 2022	17/06/2022
210	Economía e facenda	Execución do gasto 17/06/2022	17/06/2022
211	Economía e facenda	Execución do gasto 17/06/2022. Nómina extraordinarias xuño 2022	17/06/2022
212	Servizos sociais	Aprobación provisional lista admitidos - excluídos e de agarda PAI Os Camiños curso 2022-2023	20/06/2022
213	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	20/06/2022
214	Economía e facenda	Xeración de crédito 07/2022. Subvención Xunta de Galicia. Mellora das colección bibliográficas (Diferencias entre presupuestado e concedido)	21/06/2022
215	Padrón Municipal de Habitantes	Altas por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	21/06/2022
216	Contratación	Adxudicación obra CM 09-2022, Camiño Cruce Montouto a Fachas (Cumbraos) e outro	21/06/2022
217	Contratación	Corrección erro material Decreto núm. 2016-2022	21/06/2022
218	Contratación	Adxudicación servizos CM 10-2022 Programa fomento de conciliación verán 2022	22/06/2022
219	Subvencións	Acordo inclusión definitiva POS+Adicional 2/2022	28/06/2022
220	Emprego	Contratación técnico primeiros auxilios campaña verán 2022	28/06/2022
221	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local Ordinaria núm. 15 do 30/06/2022	28/06/2022
222	Economía e facenda	Xeración de crédito 08/2022. Subvención Xunta. Fomento da conciliación. Diferencias entre o presupuestado e o concedido.	29/06/2022
223	Contratación	Inicio Expte. Declaración ineficacia comunicación previa actividade centro de acopio de materiais de construción_CPIAct 03/2022	29/06/2022
224	Subvencións	Acordo Adhesión Programa PEL CONCELLOS_Axudas ao sector das orquestras e verbenas ano 2022	29/06/2022
225	Economía e facenda	Execución do gasto 30/06/2022	30/06/2022
226	Economía e	Execución do gasto 30/06/2022. Nóminas xuño 2022.	30/06/2022



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000005

RELACION DECRETOS DO 174 AO 265 DO ANO 2022			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	DATA
	facenda		22
227	Economía e facenda	Execución do gasto 30/06/2022. Asistencias concelleiros 2T 2022	30/06/2022
228	Persoal	Convocatoria segundo exercicio_Proceso selectivo funcionario interino admvo	01/07/2022
229	Axudas veciñais	Bases e convocatoria de axudas por nacemento de fillo/a, adopción e/ou acollemento durante o ano 2022	01/07/2022
230	Economía e facenda	Execución do gasto 04/07/2022	04/07/2022
231	Servizos sociais	Aprobación definitiva lista de admitidos-excluídos e de agarda PAI Os Camiños curso 2022-2023 e apertura prazo matrícula	05/07/2022
232	Economía e facenda	Liquidación PUNTO DE ATENCIÓN A INFANCIA, mes xuño 2022	05/07/2022
233	Economía e facenda	Execución do gasto 08/07/2022	08/07/2022
234	Servizos sociais	Baixa usuario no servizo de axuda no fogar municipal	11/07/2022
235	Servizos sociais	Alta usuario no servizo de axuda no fogar municipal	11/07/2022
236	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia do estranxeiro	12/07/2022
237	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local Ordinaria núm. 16 do 14/07/2022	12/07/2022
238	Economía e facenda	Xeración de crédito 09/2022. Subvención Xunta-Agader. Camiño da Fonte a Pereiruga-Límite Frades. Plan Mellora Camiños Municipais 2022-2023. Anualidade 2022.	12/07/2022
239	Economía e facenda	Liñas fundamentais do presuposto 2023.	12/07/2022
240	Economía e facenda	Execución do gasto 13/07/2022 e pago a xustificar 003/2022	13/07/2022
241	Obras e urbanismo	Aprobación certificación primeira obra Novo depósito rede abastecemento no Concello de Mesía	13/07/2022
242	Intervención e facenda municipal	Aprobación definitiva do Padrón da taxa pola recollida de lixo ano 2022	13/07/2022
243	Economía e facenda	Liquidación Servizo de Axuda no Fogar mes maio 2022	13/07/2022
244	Economía e facenda	Execución do gasto 14/07/2022	14/07/2022
245	Obras e urbanismo	Concesión autorización enganche á rede de abastecemento de auga municipal	14/07/2022
246	Persoal	Nomeamento funcionario interino administrativo e lista de reserva	15/07/2022



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000005

RELACION DECRETOS DO 174 AO 265 DO ANO 2022			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	DATA
247	Contratación	Aprobación Expte. Contratación obra Camiño da Fonte a Pereiruga -Límite Frades. PMC 2022/2023.	15/07/2022
248	Persoal	Nomeamento secretaria accidental	15/07/2022
249	Persoal	Nomeamento funcionario interino admvo tras renuncia da primeira na lista de contratación	19/07/2022
250	Persoal	Corrección erro material Decreto núm. 249/2022	19/07/2022
251	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia e cambios de domicilio dentro do municipio.	19/07/2022
252	Servizos sociais	Baixa usuarios Programa de alimentos	19/07/2022
253	Obras e urbanismo	Concesión autorización enganche á rede de abastecemento de auga municipal	21/07/2022
254	Obras e urbanismo	Concesión autorización enganche á rede de abastecemento de auga municipal	21/07/2022
255	Obras e urbanismo	Concesión autorización enganche á rede de abastecemento de auga municipal	21/07/2022
256	Obras e urbanismo	Concesión autorización enganche á rede de abastecemento de auga municipal	21/07/2022
257	Obras e urbanismo	Concesión autorización enganche á rede de abastecemento de auga municipal	22/07/2022
258	Axudas veciñais	Concesión axuda por nacemento fillo Antón nado o 28/04/2022	27/07/2022
259	Axudas veciñais	Concesión axuda por nacemento filla Erea nada o 14/01/2022	27/07/2022
260	Axudas veciñais	Concesión axuda por nacemento fillo Enzo nado o 22/05/2022	27/07/2022
261	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local Ordinaria núm. 17 do 29/07/2022	27/07/2022
262	Economía e facenda	Execución do gasto 28/07/2022. Nóminas xullo 2022	28/07/2022
263	Persoal	Nomeamento funcionario interino admvo.	28/07/2022
264	Economía e facenda.	Execución do gasto 29/07/2022.	29/07/2022
265	Economía e facenda.	Execución do gasto 29/07/2022, Nómina mes xullo complementario	29/07/2022

Non habendo intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000005

7. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 19 DE MAIO, 3, 16 E 30 DE XUÑO E 14 DE XULLO DE 2022.

Manifesta o Sr. Alcalde que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, por si alguén quere algunha aclaración ou manifestar o que estime oportuno. Non habendo intervencións, pásase ao punto seguinte da orde do día.

8. ROGOS E PREGUNTAS.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,
D. Mariano Iglesias Castro.